

NOTA INFORMATIVA

Bruxelas, 7 de maio de 2009

ASUNTO: O uso das linguas oficiais e do galego na UE

1. LINGUAS OFICIAS E DE TRABALLO NA UE

Actualmente, existen **23 linguas oficiais e de traballo na UE**: alemán, búlgaro, checo, danés, eslovaco, esloveno, español, estonio, finés, francés, grego, húngaro, inglés, irlandés, italiano, letón, lituano, maltés, neerlandés, polaco, portugués, romanés e sueco.

Estas linguas veñen determinadas polo **Regulamento 1/1958** polo que se fixa o réxime lingüístico da Comunidade Económica Europea, que foi modificado sucesivamente polas actas de adhesión dos Estados incorporados á UE para incluír as linguas oficiais a nivel nacional de cada un deles. Ao maltés (con 370.000 falantes aprox.) e ao irlandés (con 540.000 falantes aprox.) fóronlles concedidas unha conxelación dos efectos da súa oficialidade polos problemas de contratación de persoal nestas linguas. Mentres que este estatuto especial rematou para o maltés en maio de 2007, continúa para o irlandés ata 2013.

Malia o recoñecemento de estas linguas como linguas de traballo, a verdade é que cada institución recomenda como linguas no traballo diario o emprego do inglés, o francés e o alemán. Tralas últimas ampliacións, a lingua francesa perdeu terreo, calculándose que o 73% dos documentos da Comisión están redactados en inglés fronte ao 12% do francés e o 3% do alemán.

2. LINGUAS DE TRABALLO NO COMITÉ DAS REXIÓNS

A raíz das ampliacións de 2004, o número de linguas de traballo para os servizos de interpretación nas **comisión de traballo e na Mesa** do CdR reduciuse. Estableceuse un sistema rotatorio para todas as linguas excepto para o francés, inglés e alemán (as chamadas linguas pivote), de xeito que aproximadamente en dúas de cada dez reunións destas comisións non está asegurada a interpretación cara o español. Si que é posible expresarse nesta lingua, pero non escoitar nela.

Nos **grupos interrexionais**, as únicas linguas de traballo son francés, o inglés e o alemán, agás no recentemente creado Grupo Interrexional do Automóvil, no que se conseguiu o emprego de español.

3. O USO DO GALEGO NAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS DA UE

A finais de 2004 o Goberno español solicitou ao Consello da Unión Europea a incorporación do galego, o éuscaro e o catalán/valenciano á lista de linguas oficiais europeas prevista no Regulamento 1/1958. Malia non conceder esta oficialidade, o Consello da UE si decidiu institucionalizar o uso destas linguas en tres ámbitos, segundo se recolle nas "Conclusións do Consello relativas ao uso oficial doutras linguas no Consello, e no seu caso, noutras institucións e órganos da Unión Europea"¹, de 13 de xuño de 2005.

¹ http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/site/es/oj/2005/c_148/c_14820050618es00010002.pdf

A raíz disto, o Estado español asinou acordos con sete institucións e órganos da UE² para poñer en práctica este novo réxime lingüístico . De seguido, analízanse como estes acordos posibilitan o uso do galego nos tres ámbitos definidos previamente nas conclusións:

- **Intervención oral.** Os acordos firmados co Consello da UE e co Comité das Rexións permiten a intervención oral en galego nas súas sesións. En ambos casos, debe solicitarse con sete semanas de antelación a través da Representación Permanente de España ante a Unión Europea. Unicamente se autoriza a interpretación pasiva, é dicir, do galego ao resto de linguas. No caso do Consello, a REPER indicará ao inicio de cada Presidencia unha previsión das necesidades de interpretación das linguas cooficiais españolas.
- **Comunicación escrita dos cidadáns coas institucións e órganos da Unión Europea.** Os cidadáns teñen dereito a dirixirse á UE nunha destas linguas cooficiais e a ser respondidos na mesma lingua. O procedemento é case sempre indirecto, é dicir, o cidadán debe dirixirse a un órgano intermediario nomeado polas autoridades nacionais para realizar a tradución ao castelán e reenviala á institución concernida. Este organismo tamén traducirá a resposta da institución de volta para o galego. De existir prazos, estes comezan a contar a partir da data en que a institución concernida recibe a comunicación (en castelán). Se o cidadán dispón dun prazo para actuar despois de recibir a resposta, esta pode ser dirixida en castelán directamente ao interesado, sen prexuízo de que posteriormente reciba a tradución ao galego por parte do organismo designado. Así e todo, os acordos asinados co Parlamento Europeo, a Comisión e o Comité Económico e Social contemplan a posibilidade de que sexan os seus propios servizos internos os que elaboren a tradución ou contesten nesa lingua, de existiren os medios necesarios.
- **Tradución dos actos derivados do procedemento de codecisión.** O Estado español comprométese a publicar as versións en galego, catalán e euskera dos textos emanados do procedemento de codecisión na páxina web da Administración Xeral do Estado. Deberá, así mesmo, enviar unha copia certificada e electrónica á Secretaría Xeral do Consello, a cal facilitará copias, preferentemente electrónicas, aos cidadáns que o desexen. Tanto o Consello como o Parlamento Europeo ofrecerán ligazóns electrónicas ás devanditas versións traducidas nos seus portais web. Os gastos de tradución correrán a cargo do Estado español.

No **acordo asinado entre a Administración Xeral do Estado e as CCCA**, “referente ao uso oficial na Unión Europea das linguas distintas do castelán que teñen estatuto de linguas oficiais segundo a Constitución”, de 13 de decembro de 2005, séntanse as bases para levar á práctica estes acordos mediante a colaboración entre as CCAA e o goberno central.

² Por orde cronolóxica de aprobación: o Comité das Rexións ([acordo de 16 de novembro de 2005](#)), a Comisión Europea ([acordo de 21 de decembro de 2005](#)), o Consello da UE ([acordo publicado no DOUE de 17 de febreiro de 2006](#)), o **Comité Económico e Social Europeo** ([acordo de 7 de xuño de 2006](#)), o Parlamento Europeo ([decisión da Mesa do PE de 3 de xullo de 2006](#)), o Defensor do Pobo Europeo ([acordo de 20 de novembro de 2006](#)) e o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas ([acordo de 27 de abril de 2009](#))

4. ESTADO DE SITUACIÓN DO USO DO GALEGO

A **intervención oral** no Consello e no Comité das Rexións é a disposición que mellor se está levando á práctica. En todas as sesións plenarias do Comité das Rexións solicítase de oficio o uso do galego con, polo menos, sete semanas de antelación. Dende novembro de 2005, en que se interveu por primeira vez nesta lingua, tense asegurado o seu uso nos cinco plenos que se celebran cada ano. No Consello de Ministros da UE tamén se fai uso do galego cada vez que un membro do Goberno galego intervéen en nome das restantes CCAA. Tal foi o caso, por exemplo, do Consello de Emprego e Asuntos Sociais de decembro de 2006 ou o de Educación en febreiro de 2007.

No tocante ás **comunicacións escritas**, dende a oficina de Bruxelas non temos constancia de que o procedemento chegase a pór en marcha. Segundo a oficina española do Parlamento Europeo, entre 2006 e 2008 só recibiran unha carta en galego no Correo do Cidadáns, das 4.478 comunicacións recibidas. Cómpre mencionar que tampouco hai indicación da posibilidade de facer uso destas linguas na meirande parte das páxinas de contacto das institucións e órganos asinantes dos acordos. No caso do Valedor do Pobo, esta mención se supeditaba á creación por parte da administración española de formularios nestas linguas, que parece non terse realizado.

Segundo o último acordo asinado co Tribuna de Xustiza das Comunidades Europeas, o órgano designado polo Estado español para facer de intermediario nas comunicacións escritas é a **Oficina para as Linguas Oficiais**, creada polo [Real Decreto 905/2007](#) de 6 de xullo. Esta oficina, dependente do Ministerio de Política Territorial, ten por misión “o estudo, promoción, asesoramento, planificación e constatación do uso das linguas oficiais, tanto nos servizos centrais como na estrutura periférica da Administración Xeral do Estado”.

Por último, temos constancia de que a **publicación dos actos adoptados por codecisión** se tratou na reunión plenaria da Conferencia de Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas (CARCE) de xuño de 2006, previndo a súa publicación no portal www.060.es, aínda que de momento parece non funcionar.

Onde si é posible incluír **novas en galego** é na sección correspondente “[A través de Europa-Noticias dos Estados membros](#)”, accesible a través da portada da **web da Comisión Europea**. As novas deben referirse a calquera acto relacionado con Europa e Galicia. Han de ser notas “a posteriori” e deben enviarse á Representación de España na Comisión Europea en galego e en castelán, xunto cunha foto.